

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Decreto 108/1991, do 27 de marzo polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

A Lei 3/1988, do 27 de abril, creou o Instituto Galego da Vivenda e Solo como un organismo autónomo de carácter comercial e financeiro adscrito á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. O Decreto 288/1988 desenvolve a citada lei e establece a estrutura orgánica básica do instituto. Procede agora dispoñer-la súa estrutura orgánica completa, adecuada ás funcións e tarefas que o instituto foi asumindo en cumprimento do disposto na súa lei de creación.

Os principais criterios seguidos foron os de desconcentración, eficacia e eficiencia. Os servizos centrais concíbense como órganos de planificación, programación, coordinación, seguimento e control. Consecuentemente, poténcianse as delegacións provinciais, nas que se introduce unha profunda reestructuración. Deste xeito avánzase na liña iniciada cos decretos 87/1990 e 88/1990, ámbolos dous do 15 de febreiro, e as delegacións quedan estruturadas de modo que poidan cumprir con eficacia as novas funcións que se lles encomendan como consecuencia da desconcentración.

Outros criterios que tamén se tiveron en conta son o de redución de niveis xerárquicos, coa finalidade de evita-lo consumo de recursos innecesarios e garanti-la fluidez da información, e o de tecnificación da xestión mediante a previsión das funcións de planificación, programación e dirección por obxectivos.

Á Secretaría Xeral atribúenselle funcións de orde interna e administrativa, así como a coordinación e control, xunto coa planificación, a xestión presupostaria e a tesourería. Introdúcese como novidade o desenvolvemento da Intervención Delegada, cunha área de fiscalización e outra de contabilidade inexistentes na actualidade. Tamén se prevé unha unidade de informática, cunha estrutura mínima, para a explotación informática centralizada das aplicacións e a xestión dos recursos informáticos. A captura de datos realizarase de forma descentralizada. As funcións asignadas á Secretaría Xeral e a súa organización responden ós criterios de economía de escala e especialización.

As direccións técnicas encoméndaselle-la realización das funcións do instituto. Á Dirección Técnica de Administración e Fomento correspóndelle a dirección financeira do organismo, as actuacións de fomento en materia de vivenda de protección oficial de promoción privada (axudas ós adquirentes e ós promotores) e de rehabilitación de vivendas, especialmente no medio rural, así como para as de erradicación do chabolismo

e da infravivenda. Tamén a administración do patrimonio do instituto no relativo a vivendas e locais. Créase ademais unha área de inspección que se considera necesaria para asegura-lo cumprimento da finalidade social das vivendas subvencionadas e o cumprimento da normativa de VPO.

A Dirección Técnica de Construcións asume a programación, xestión e control da construción de VPO de promoción pública. A Oficina Técnica cumpre unha importante función de apoio técnico a tódalas unidades do organismo. A maior parte do investimento do instituto será xestionada neste centro directivo.

A Dirección Técnica de Solo realiza as funcións necesarias para o desenvolvemento da política de Solo da Comunidade Autónoma previstas no artigo 3 da Lei 3/1988. Establécese unha estrutura mínima coa previsión de que a actividade de xestión a realicen as unidades operativas de ámbito provincial que son as sociedades anónimas de capital enteiramente público Xestión Urbanística da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Ós delegados provinciais do instituto, que serán os da COTOP, atribúeselle-la representación ordinaria do presidente na provincia. Queda tamén regulado con máis claridade que ata agora o ámbito de atribucións do xefe provincial.

Reestructúranse os laboratorios transferidos do extinguido INCE; está prevista a creación dun laboratorio en Pontevedra, única provincia que na actualidade carece del, e dispónse a coordinación da súa actividade polo xefe do laboratorio da Coruña co fin de evita-la creación dunha nova unidade nos servizos centrais.

A nova estrutura evita as rixideces organizativas polos mesmos motivos que levaron á creación do instituto coma un organismo autónomo de carácter comercial e financeiro: A necesaria axilidade para a xestión dun patrimonio propio de máis de vinte mil vivendas e locais ademais de varios centenares de miles de metros cadrados de solo en toda Galicia, xunto coa relación anual con preto de quince mil adxudicatarios de axudas para a rehabilitación de vivendas e a xestión anual de ingresos propios por valor de máis de catro mil millóns de pesetas. As características específicas de cada módulo administrativo (áreas, unidades, etc.) e dos seus postos de traballo quedarán fixadas nas relacións de postos de traballo que se aproben.

Na súa virtude, por proposta de conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, tralo informe dos da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e sete de marzo de mil novecientos noventa e un,

DISPÓNDO:

Artigo 1.º

O Instituto Galego da Vivenda e Solo é un organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, adscrito á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, ó que lle corresponde a realización da política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, coa finalidade de acadar os obxectivos previstos na Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do instituto, e no marco dos principios rectores contidos no artigo 47 da Constitución.

Artigo 2.º

1. Para o desempeño das súas funcións o IGVS estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

- a) O Consello do Instituto.
- b) O presidente.
- c) O director xeral.
- d) O secretario xeral.

2. Baixo a dependencia inmediata do director xeral, o instituto contará igualmente con:

- a) A Dirección Técnica de Administración e Fomento.
- b) A Dirección Técnica de Construcións.
- c) A Dirección Técnica de Solo.
- d) A delegacións provinciais.

3. Existirá ademais unha Xunta Consultiva coa composición e funcións que se establecen no artigo 16.

I. DO CONSELLO DO INSTITUTO

Artigo 3.º

O Consello. Composición.

1. O Consello do instituto está constituído por:

a) O presidente do Consello e do instituto, que será o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

b) O vicepresidente, que será o director xeral competente en materia de urbanismo e vivenda.

c) Os vocais, que serán:

—Un director xeral representante da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

—Un director xeral representante da Consellería de Economía e Facenda.

—Dous vocais designados pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

—O director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

d) O secretario do Consello do instituto.

Artigo 4.º

O Consello. Competencias.

1. O Consello é o órgano superior do instituto ó que lle corresponde a alta dirección da súa actividade.

2. En particular, correspóndelle ó consello do instituto:

a) A aprobación dos seus plans e programas de actuación, por proposta do director xeral.

b) A aprobación do anteproxecto de presuposto do instituto, representada polo seu director xeral.

c) A aprobación da memoria anual de actuación do instituto, presentada polo seu director xeral.

d) O control da xestión do instituto.

e) A constitución de comisións de estudo sobre aspectos específicos en materias da súa competencia e o deseño de plans de formación e divulgación no ámbito das competencias do instituto.

f) A aprobación da proposta de creación de consorcios e sociedades anónimas ou de integración ou participación do instituto nas xa constituídas, así como a aprobación da proposta de constitución de xerencias e de todo tipo de acordos coa iniciativa privada.

g) Designar os membros da Xunta Consultiva do instituto, por proposta do seu presidente.

h) Cantos asuntos relacionados coa competencia do instituto lle someta o seu presidente.

II. DO PRESIDENTE

Artigo 5.º

O presidente.

Correspóndelle ó presidente do instituto:

a) Exerce-la representación oficial do instituto.

b) Convoca-las reunións do Consello, sinalando lugar, día e hora da celebración, así como establece-la orde do día delas, por propia iniciativa ou cando así o solicite a metade máis un dos membros do Consello.

c) Presidir e dirixir-las deliberacións do Consello.

d) Autorizar coa súa sinatura as actas das sesións do Consello.

e) Someter á aprobación do Consello da Xunta o anteproxecto de presupostos do instituto e, se é o caso, os seus plans e programas.

f) Obrigar-lo instituto en tódolos casos, de conformidade cos requisitos esixidos pola lexislación vixente, correspondéndolle, como órgano de contratación del, a facultade de celebrar contratos.

g) Calquera outra facultade que en relación coas materias de competencia do instituto se lle atribúan regulamentariamente.

III. DO DIRECTOR XERAL

Artigo 6.º

O Director Xeral.

1. O director xeral do instituto é o seu órgano executivo. Será nomeado e destituído libremente polo Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

2. Correspóndelle ó director xeral do instituto:

- a) Asisti-lo presidente no exercicio das súas funcións.
- b) Exercer, por delegación do presidente, a representación oficial do instituto.
- c) Executa-los acordos do Consello do instituto.
- d) Dirixir e coordina-la xestión do instituto.
- e) Asinar, por delegación do presidente e en nome do instituto, os convenios e contratos sobre materias da súa competencia.
- f) Elabora-lo anteproxecto de presupostos do instituto, así como rende-las contas correspondentes.
- g) Presentar á aprobación do Consello do instituto a memoria anual da súa actuación.
- h) Autorizar e dispoñe-los créditos e dotacións, o recoñecemento das obrigas e a ordenación dos pagamentos do instituto, dentro dos límites que lle correspondan.
- i) Dirixi-la preparación dos plans e programas do instituto e presentalos ó Consello do instituto para a súa aprobación.
- j) Exerce-la xefatura superior sobre o persoal do instituto.
- k) Propoñe-la elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvolvemento e a xestión da política da vivenda e solo.
- l) Tódalas facultades que lle delegue expresamente o presidente do instituto ou lle sexan encomendadas polo Consello. Terá así mesmo como propias tódalas funcións e facultades non encomendadas pola lexislación vixente ó Consello ou ó presidente do instituto.

IV. DA SECRETARÍA XERAL

Artigo 7.º

1. O secretario xeral do instituto, con rango de subdirector xeral, será nomeado polo procedemento previsto no artigo 9 d) da Lei 3/1988, de creación do instituto. Cesará no seu cargo polo mesmo procedemento.

2. Correspóndelle ó secretario xeral, baixo a dependencia do director do instituto:

- a) Desempeña-la Secretaría da Xunta Consultiva do instituto e a do Consello do instituto.
- b) A dirección inmediata do persoal do instituto e das actividades do réxime interior, e a xestión da contratación.

c) A coordinación de tódolos servizos do instituto, así como garanti-lo correcto funcionamento dos sistemas de información e control do instituto.

d) A formación e mantemento do inventario do instituto.

e) O estudo e informe dos recursos interpostos contra actos do instituto, así como, en xeral, o seu asesoramento xurídico.

f) A realización dos estudos necesarios para elaboralos plans xerais e os programas relativos á protección oficial en materia de vivenda.

g) A planificación e control da actividade do instituto, así coma a formación e xestión do presuposto e a xestión da tesourería do instituto.

h) Tódalas funcións que lle delegue expresamente o director xeral do instituto e aquelas outras que, sendo competencia do instituto, non estean expresamente atribuídas a outros órganos del.

3. O secretario xeral asumirá, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade do director xeral do instituto, as funcións ordinarias de despacho e sinatura nos asuntos de mero trámite e nos que con carácter ordinario lle sexan delegados.

Artigo 8.º

Baixo a dependencia directiva do secretario xeral, e con rango de xefatura do servizo, existirán:

1. Área xurídico - administrativa e de réxime interior.

Realizará as seguintes funcións e tarefas.

a) A xestión da contratación do instituto, incluída a adquisición de bens correntes e subministracións.

b) A formación e mantemento do inventario do instituto mediante a integración dos datos que lle sexan subministrados polas direccións técnicas.

c) A información ó público e o rexistro. A organización e estruturación da biblioteca e dos arquivos.

d) A inspección do funcionamento dos diferentes servizos e da execución dos contratos do instituto tanto na súa esfera central como periférica, informando acerca do grao de cumprimento e eficacia na súa prestación, así como do adecuado emprego dos medios tanto persoais coma materiais.

e) Examinar e tramita-las propostas relativas a asuntos e expedientes dos servizos do IGVS cando a proposta de resolución corresponda ó secretario xeral, así como a emisión dos informes e dictames que se lle soliciten.

f) As funcións de xestión, tramitación, administración, custodia e elaboración das propostas de adquisición ou alleamento dos títulos representativos da participación do instituto no capital social de empresas públicas, así como propoñe-las instrucións para cursar pola Dirección Xeral do instituto ós representantes do seu capital nos órganos sociais de goberno das ditas entidades mer-

cantís, e o trámite de nomeamento e cesamento dos ditos representantes polo presidente do instituto.

g) O estudio e tramitación dos recursos presentados contra os actos emanados do instituto, sempre que a súa resolución non estea atribuída a outro órgano por disposición legal.

2. Área de xestión de recursos humanos.

Exercerá as funcións de xestión, coordinación e control do persoal funcionario e laboral, así como, se é o caso, a xestión do plan de incentivos e a administración do plan de formación.

Programará as necesidades de persoal funcionario e non funcionario do instituto.

3. Área de planificación e control.

a) Propondrá o establecemento de obxectivos e coordinará, se é o caso, a implantación do sistema de dirección por obxectivos.

b) Realizará o seguimento do plan estratéxico establecido.

c) Elaborará informes mensuais de control. Realizará estudos de viabilidade e rendibilidade das accións que deba emprender-lo IGVS.

4. Área de presuposto e tesourería.

a) Coordinará a elaboración do proxecto de presuposto do instituto. Efectuará o seguimento da execución do presuposto e tramitará, cando sexa preciso, as oportunas modificacións daquel.

b) Realizará as accións propias da xestión da tesourería do instituto, así como a materialización dos ingresos e pagos; o control dos saldos das contas correntes do IGVS; a recepción, custodia e devolución de depósitos que se constitúan ante o instituto; e, se é o caso, a xestión das funcións que correspondan ó IGVS en relación coa recadación executiva prevista na disposición adicional terceira da Lei 3/1988, de creación do instituto.

5. Área de informática.

Terá a responsabilidade da supervisión, desenvolvemento e mantemento das aplicacións e o control e a administración do sistema informático, así como do cumprimento das previsións que se establezan en materia de desenvolvemento informático e mecanización dos servizos centrais e periféricos do instituto. Así mesmo, realizará tódalas tarefas precisas para o normal desenvolvemento, no seu aspecto informático, das actividades do instituto que se encontren mecanizadas.

6. Dependendo organicamente da Dirección Xeral do IGVS, e con nivel orgánico de subdirección xeral, existirán as seguintes unidades.

6.1. Asesoría Xurídica: O asesor xurídico estará baixo a dependencia funcional da Asesoría Xurídica Xeral.

6.2. Intervención Delegada: O interventor delegado dependerá funcionalmente da Intervención Xeral da Xunta.

Baixo a dependencia do interventor delegado existirán as seguintes áreas:

6.2.1. Área de contabilidade: Terá o seu cargo as funcións seguintes:

a) Levar e desenvolver-la contabilidade do instituto.

b) Preparar e examina-las contas que debe renderlo instituto perante o seu órgano de tutela, a Xunta de Galicia, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas ou calquera outra rendición de contas preceptiva.

c) Elaborar e subministra-la información contable que precisen os órganos de dirección do instituto.

6.2.2. Área de fiscalización: Realizará as funcións seguintes: As relativas á auditoría interna, á fiscalización previa limitada e ó control financeiro que a vixente lexislación encomenda á Intervención Delegada do Instituto, e así mesmo formular propostas de fiscalización previa, cando proceda, dos actos do instituto no marco da antedita lexislación.

V. DAS DIRECCIÓNS TÉCNICAS

Artigo 9.º

1. De conformidade co previsto no artigo 24 do Decreto 288/1988, as direccións técnicas do instituto son as unidades orgánicas encargadas do estudio, tramitación e proposta de resolución dos asuntos de competencia do instituto que se lles atribúen.

2. O instituto estrutúrase nas seguintes direccións técnicas:

a) Dirección Técnica de Administración e Fomento.

b) Dirección Técnica de Construcións.

c) Dirección Técnica de Solo.

3. Os directores técnicos, con rango orgánico de subdirector xeral, serán nomeados polo presidente do instituto, por proposta do director xeral deste.

Artigo 10.º

Correspóndelle á Dirección Técnica de Administración e Fomento:

a) A administración e conservación do patrimonio do instituto correspondente a vivendas e locais comerciais, así como a xestión das rendas dos seus bens.

b) A inspección e control do cumprimento da normativa reguladora do uso, conservación, aproveitamento e transmisión das vivendas de protección oficial e dos locais do instituto, así como a aplicación do réxime legal a elas.

c) O fomento da construción de vivendas de protección oficial de promoción privada, así como a tramitación das axudas a adquirentes de vivendas de protección oficial, tanto de promoción pública como privada. O fomento e a promoción de cooperativas para a construción de vivendas.

d) O fomento da rehabilitación e conservación das vivendas e edificios de valor arquitectónico, con especial atención ás vivendas situadas no medio rural.

e) As actuacións de fomento para a erradicación do chabolismo e da infravivenda rural.

f) A realización da xestión financeira do instituto e a tramitación dos convenios coas entidades financeiras para os créditos de investimentos.

g) A análise dos ingresos do IGVS así como a xestión dos que lle correspondan.

h) O desenvolvemento e execución das competencias que a Lei 3/1988 lle atribúe ó instituto en materia financeira e en especial ó endebedamento e a xestión de fianzas, sen prexuízo das competencias da Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 11.º

A Dirección Técnica de Administración e Fomento estrutúrase nos seguintes servicios:

1. Área de xestión financeira e administración, que terá ó seu cargo as seguintes funcións:

a) Realiza-lo seguimento dos créditos de investimentos do IGVS, tramitando o pagamento de intereses e a subsidiación que se derive dos convenios coas entidades financeiras como consecuencia da subrogación nos créditos dos adquirentes de vivendas.

b) A revisión e control das contas de recadación ou, se é caso, a xestión directa da recadación. Controla-las altas e baixas en facturación de locais, aportacións iniciais e IVE. O control da facturación e ingresos correspondentes a vivendas adxudicadas en segundas transmisións.

c) Xestión de asuntos referentes a Facenda pública e especificamente a xestión do IVE do instituto en coordinación coas outras direccións técnicas.

d) A administración e xestión directa, ou mediante concertos, das fianzas legalmente establecidas nos supostos de arrendamento de vivendas e locais de negocio e contratos de subministración.

e) A revisión e a tramitación dos estudos económicos de valoración de vivendas para a súa aprobación.

f) Realizar e manter actualizado o inventario de vivendas e locais comerciais.

g) O estudo, a proposta e a xestión de tódalas actuacións encamiñadas á mellor administración do patrimonio de vivendas e locais comerciais do instituto, como as amortizacións anticipadas, as subastas, etc.

2. Área de fomento á promoción privada de vivendas e rehabilitación, que exercerá as seguintes funcións:

a) A xestión das axudas do MOPU ás vivendas de protección oficial de promoción privada, tanto ós promotores como ós adquirentes, incluíndo o pago das subvencións e a súa xustificación ó MOPU.

b) A integración e análise das estatísticas da actividade de fomento do instituto, tanto en promoción pública de vivendas como en rehabilitación.

c) O estudo e a proposta anual de revisión da normativa reguladora do réxime propio de axudas complementarias ás do MOPU anteditas, e das axudas propias ós promotores privados, ós adquirentes de VPO de promoción pública e privada, a rehabilitación de vivendas e edificios, así como das accións encamiñadas á erradicación do chabolismo e da infravivenda.

d) A coordinación da xestión descentralizada das anteditas axudas propias, ou, se é o caso, a súa xestión, incluíndo a actividade inspectora do uso das subvencións.

e) A realización dos estudos precisos para un mellor coñecemento das necesidades no ámbito das súas competencias.

3. Área de inspección, que desenvolverá as seguintes funcións:

a) Planificar, dirixir e, se é o caso, efectuar-las inspeccións de ocupacións, usos e transmisións nas vivendas de protección oficial de promoción pública e locais propias do instituto, así como a inspección para verificalo cumprimento da normativa reguladora do uso e transmisión das vivendas de protección oficial de promoción privada.

b) Dirixir e, se é o caso, efectuar-las inspeccións relativas á ocupación e uso do solo do instituto.

c) Tramitar e propoñer-las resolucións que procedan en relación coas denuncias efectuadas ou as inspeccións feitas. A tramitación das sancións económicas que se impoñan.

Artigo 12.º

Correspóndelle á Dirección Técnica de Construcións:

a) Elaborar e propoñer plans xerais e programas anuais detallados de promoción pública de vivenda, ben sexa en solo propio do instituto ou ben mediante concursos de adquisición de vivendas xa rematadas ou en fase de proxecto ou construción, así como a xestión dos anteditos programas.

b) Elaborar e propoñer plans xerais e programas anuais detallados de conservación do parque de vivendas oficiais de promoción pública, e a súa xestión.

c) Redacta-la normativa de deseño e condicións de edificación de vivendas de protección oficial de promoción pública.

d) Elabora-los pregos de prescricións técnicas para a contratación das obras do instituto e as Xestures, e supervisar e aprobar, se é o caso, os que lle sexan sometidos á súa consideración.

e) Controla-la execución dos programas de construción e o cumprimento dos prazos previstos nos proxectos de obras.

f) A supervisión dos proxectos que lle sexan encomendados, e a coordinación do seguimento do control de calidade.

g) A proposta de homologación de laboratorios e a dirección e coordinación dos laboratorios propios.

h) A xestión dos convenios para a promoción pública de vivendas.

i) A xestión da adquisición de vivendas, edificios e aloxamentos provisionais e actuacións de emerxencia en promoción pública de vivendas.

Artigo 13.º

Para o cumprimento das súas funcións, a Dirección Técnica de Construcións estrutúrase nos seguintes servizos:

1. Oficina Técnica.

Terá encomendadas as seguintes funcións:

a) Elaborar e desenvolve-la normativa de deseño e técnicas para aplicar na construción de vivendas de protección oficial de promoción pública e privada.

b) Elabora-los pregos de prescricións técnicas para a contratación de obra nova e adquisición de vivendas e locais en fase de proxecto ou construción, garantindo o seu axuste ás normas establecidas, e informar sobre os que sexan sometidos á súa consideración.

c) Realiza-lo plan de control de calidade para aseguralo cumprimento das normas establecidas, así como o control e, se é o caso, a inspección da execución das obras para verifica-lo cumprimento da normativa reguladora da construción.

d) Realizar informes técnicos de avaliación de ofertas.

e) Dirixir obras de construción e reparación de vivendas de promoción pública.

f) Asesorar tecnicamente en materia de rehabilitación de vivendas, na elaboración da documentación técnica para incluír na memoria do instituto, e en cantas materias relacionadas coas súas funcións lle sexan formuladas, garantindo o apoio técnico requirido polos outros órganos do instituto.

g) Realizar estudos técnicos no ámbito da súa competencia e especificamente o estudo de novas tecnoloxías aplicadas á construción de vivendas.

h) Supervisa-los proxectos que se sometan á súa consideración.

i) Supervisar ou recibir, se é o caso, as certificacións parciais e finais das obras do instituto en execución directa ou concertada.

2. Área de programación, xestión de investimentos e apoio administrativo.

Ten asignadas as seguintes funcións:

a) Realizar estudos de investimentos en coordinación coa Dirección Técnica de Administración e Fomento, nos aspectos económico - financeiros.

b) Realiza-la proposta de presuposto das obras de construción e conservación de vivendas e urbanizacións.

c) Supervisa-los investimentos realizados e realiza-la proposta e reaxuste de anualidades en función do grao de avance das obras.

d) Elevar ó director técnico a proposta da contratación das obras previstas e das urxentes, e a xestión das certificacións e incidencias nas obras.

e) O seguimento e a xestión das obras realizadas en réxime concertado, as súas certificacións e as incidencias nelas.

f) A xestión administrativa dos asuntos de competencia da Dirección Técnica.

Artigo 14.º

A Dirección Técnica de Solo terá as funcións seguintes:

a) A programación das necesidades de solo e os estudos económico - financeiros correspondentes ás actuacións previstas, sen prexuízo das competencias asignadas ós órganos de coordinación en materia de solo empresarial.

b) Propoñe-las disposicións normativas precisas relativas ás competencias en materias de solo do instituto.

c) A promoción e xestión do solo preciso para as finalidades do instituto, e especificamente para a execución dos programas de construción de vivendas de protección oficial e creación de reserva de solo. A xestión de convenios ou instrumentos xurídicos análogos con esta finalidade.

d) A formación dos correspondentes plans urbanísticos e proxectos, e a súa supervisión técnica coa asistencia que sexa precisa da Dirección Técnica de Construcións. A xestión dos ditos plans e proxectos técnicos urbanísticos cando se desenvolvan directamente polo instituto, ou coa súa cooperación mediante calquera dos sistemas previstos na lexislación sobre urbanismo aplicable a Galicia.

e) A xestión e tramitación dos expedientes de expropiación oportunos para a consecución dos fins do instituto.

f) Prepara-las prescricións técnicas para os concursos de adquisición de solo e informar sobre as ofertas presentadas en coordinación coa Dirección Técnica de Construcións.

g) Xestiona-los procedementos de adxudicación de solo, así como as propostas de alleamento e cesión de solo a promotores públicos e privados.

h) O seguimento dos convenios coas sociedades urbanísticas, sociedades ou empresas que teñan como finalidade a promoción e xestión do solo, así como a coordinación e control de xestión das Xestures.

i) Elaborar e manter actualizado o inventario de solo do instituto, do que se dará traslado á Dirección Técnica de Construcións para a elaboración de proxectos, e á Secretaría Xeral para a súa integración no inventario do instituto.

Artigo 15.º

Para o desempeño das súas funcións, a Dirección Técnica de Solo terá unha área de adquisición e cesión de solo.

Artigo 16.º

1. A Xunta Consultiva do Instituto estará presidida polo seu presidente e integrada por representantes dos sectores implicados en materia de vivenda, sen que o número dos seus membros, incluído o presidente, poida exceder de doce, mailo secretario, que será o do instituto. O nomeamento dos membros da xunta producirase conforme ó disposto no artigo 4 g) e, en todo caso, formarán parte dela unha representación das asociacións empresariais, sindicatos de traballadores e colexios profesionais máis representativos do sector, así como unha representación dos concellos da Comunidade Autónoma.

2. A Xunta Consultiva reunirse a pedimento do presidente do instituto, e terá como función prestar asesoramento sobre as actuacións do instituto que se sometan á súa consideración.

VI. DAS DELEGACIÓNS PROVINCIAIS

Artigo 17.º

En cada unha das provincias da Comunidade Autónoma existirá unha delegación provincial do instituto na que se integrarán tódalas unidades de carácter provincial ou territorial situadas no seu ámbito.

Artigo 18.º

1. Os delegados provinciais do instituto serán os da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e en tal calidade corresponderá-lle a dirección no ámbito provincial respectivo das funcións competencia do instituto baixo a dependencia funcional do seu director xeral.

2. No ámbito territorial respectivo, correspóndenlle-las seguintes competencias:

a) Exerce-la representación ordinaria do presidente do instituto na respectiva provincia.

b) Impulsa-la xestión e tramitación de expedientes administrativos nas materias do ámbito de competencias do instituto.

c) A proposta, posta en práctica e control da execución de plans e programas de actuación do instituto, e a elaboración de estudos e informes de carácter xeral necesarios para estes efectos.

d) O asesoramento en tódalas cuestións da súa competencia que lles sometan os órganos centrais do instituto.

e) Elevar á Dirección Xeral o anteproxecto de presupostos da delegación, así como emitir informe sobre as actuacións do instituto no seu ámbito territorial.

f) O exercicio das competencias que, mediante os Decretos 5/1987, do 14 de xaneiro, e 87/1990 e 88/1990, ámbolos dous do 15 de febreiro, resulten desconcentradas, así como calquera outra competencia ou atribución que as leis e demais disposicións xerais lles confiran ou lles sexan delegadas polo Consello ou polo director xeral do instituto.

g) Asinar en nome do instituto tódalas escrituras relativas á promoción pública de vivendas do IGVS e dos terreos, así como os contratos de compravenda de vivendas ou alugueiro.

Artigo 19.º

Para o cumprimento das súas funcións, as delegacións provinciais contarán coa seguinte unidade:

1. Xefe de área provincial do IGVS.

Baixo a autoridade e supervisión do delegado e sen prexuízo das directrices que, na orden funcional, poidan emanar do secretario xeral e dos directores técnicos do instituto, correspóndelle dirixir-la xestión de cantos asuntos en materia de vivenda e solo teña atribuídos a delegación provincial, asegurando o cumprimento dos obxectivos do instituto no seu ámbito. Así mesmo, correspóndelle a dirección e coordinación das funcións seguintes: O réxime interior; a tramitación administrativa; xestión de persoal; rexistro xeral e arquivos da delegación; información ó público; elaboración do anteproxecto de presupostos da delegación; a administración, control contable e xustificación dos créditos que se asignen e a xestión da tesourería; elaboración das estatísticas da delegación provincial.

Ademais, correspóndelle prestar asesoramento e asistencia técnica ó delegado e substituílo nos casos de enfermidade, ausencia ou vacante.

Baixo a dependencia do xefe de área provincial, e con rango de xefe de servizo provincial, existirá unha unidade técnica coas seguintes funcións:

a) Controlar e supervisa-los proxectos de obras novas de promoción pública, promoción privada, de conservación e de rehabilitación, así como o control das respectivas obras e a redacción dos proxectos que se lle encomenden.

b) Conformar-las certificacións, revisións e liquidacións.

c) Dirixir-la realización de estudos técnicos.

d) Elaborar informes técnicos para adquisición de solo, así como efectuar-las valoracións correspondentes.

e) Realiza-las inspeccións de obras que se lle encomenden.

Artigo 20.º

Os laboratorios do Instituto Nacional para a Calidade da Edificación (INCE), transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1926/1985, pasan a denominarse Laboratorios de Control e Asesoramento para a Calidade da Edificación (LACACE) e adscribíense ó Instituto Galego da Vivenda e Solo baixo a dependencia funcional da Dirección Técnica de Construcións e orgánica do correspondente delegado provincial.

O xefe do laboratorio da Coruña coordinará a actuación dos outros laboratorios da Comunidade Autónoma.

Encoméndaselles ós laboratorios as funcións seguintes:

a) Tramitación, inspección e proposta de concesión ou cancelación da acreditación de laboratorios de ensaio para o control de calidade da construción segundo o previsto no Decreto 441/1990, do 6 de setembro. Seguimento ou inspección do control realizado polos laboratorios acreditados.

b) Emisión de informes de cumprimento de control de calidade da edificación.

c) Estudio e difusión da normativa propia en materia de control de calidade da edificación e inspección do cumprimento da normativa estatal e autonómica.

d) A realización de traballos de investigación sobre materias, equipos e sistemas constructivos de uso frecuente na Comunidade.

e) A realización de ensaios sobre todo tipo de materiais que interveñan no proceso edificatorio, ben de oficio ou por instancia de parte.

f) A realización de inspeccións, de oficio ou por instancia de parte, nos lugares de fabricación, almacenamento, distribución e posto en obra de cada material dos regulados polos pregos, normas ou instrucións de obrigado cumprimento.

g) A emisión de informes técnicos, de oficio ou por instancia de parte, sobre todo tipo de defectos ou vicios nas edificacións.

h) A información e asesoramento ó sector da construción en temas relacionados co control de calidade.

i) Colaboración con outros organismos e entidades que teñan funcións en harmonía co LACACE.

j) Elevar ó director técnico de Construcións os informes técnicos relativos ás propostas de adxudicación do control de calidade das obras.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1. Cando, como consecuencia da estrutura orgánica que se establece no presente decreto, se modifique a denominación ou contido dos órganos ou unidades existentes con anterioridade ou se supriman algunhas delas, autorízase o presidente do instituto, por proposta do seu director xeral, a readscribi-lo persoal afectado

a postos do mesmo nivel ou inferior, sempre que sexan postos de libre designación, ou a adscripción con carácter temporal a postos de inferior nivel se se trata de postos de provisión por concurso, ata que, neste último caso, os ditos postos sexan cubertos de forma regulamentariamente establecida, sen que, en ningún caso, a readscripción ou adscripción supoñan cambio de residencia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIAS

1. Quedan derogados os artigos 17, 18, 19, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 29, 30 e 31 do Decreto 288/1988, do 29 de setembro, en canto se opoñan ó establecido no presente decreto ou o contradigan.

2. Quedan así mesmo derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior categoría que se opoñan ó disposto no presente decreto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

1. Facúltase o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas para dicta-las normas complementarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto.

2. Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e sete de marzo de mil novecentos noventa e un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cuiña Crespo
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Orde do 20 de marzo de 1991 pola que se conceden subvencións a familias e institucións sen fins de lucro para o lanzamento de rutas turísticas e creación e modernización de infraestruturas náutico - deportivas.

Dentro do programa de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1991, recóllense os conceptos de convenios con patronatos e CIT's para lanzamento de rutas e creación e modernización de infraestruturas náutico - deportivas.

A finalidade que procuran estes créditos é a de colaborar con organizacións específicas do sector turístico na realización de accións promocionais e potencia-la oferta dos servizos náutico - deportivos que posibiliten a práctica dunha das formas de turismo máis suxestivas no marco incomparable das rías galegas.